

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

O STEG rexeita o proxecto de acordo de medidas proposto pola Consellería

A Consellería de Educación vén de remitirle o pasado venres ás organizacións sindicais un proxecto de acordo de medidas para a súa negociación na mesa sectorial de hoxe luns. Dito acordo propón a redución de ratios en infantil e primaria nun período de dez anos para pasar das 25 actuais (onde, por certo, segue sen computar o alumnado que repite ou se incorpora polo medio do curso) até 20. Tampouco se ten en conta o alumnado con necesidades educativas especiais para influír en dito cómputo, cuestión fundamental ao noso parecer.

O STEG saúda a repentina viraxe da Consellería verbo das ratios proposta pola Consellería. Pero xúlga totalmente insatisfactoria nos termos expostos.

Chama a atención que logo de trece anos de inacción en relación a esta cuestión, caracterizado tamén por ignorar as reivindicacións das organizacións sindicais a este respecto, se queira promover ás portas dun ano electoral (as eleccións galegas terán lugar previsiblemente na primavera de 2024) unha medida que, en todo caso, completárase en 2034. O ensino público non dispón de tanto tempo. É insultante tamén que as reducións só se contemplan para Infantil e Primaria e non teñan en conta o resto de etapas educativas que, directamente, nin se citan. Igualmente, a Consellería promove esta proposta indistintamente orientada para o ensino público como para o privado e concertado co que, á vista do descenso nos datos demográficos, non sabemos se o que se pretende é rescatar empresas privadas ou mellorar a calidade do ensino público.

O STEG quiere lembrar tamén que o acordo non menciona para nada a recuperación do horario do profesorado previo a 2010, volvendo ás 21 horas (Primaria) e 18 horas (Secundaria). Unha medida, por certo, que xa amparaba a Lei 4/2019, de 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e o ensino no ámbito da educación non universitaria, sendo ignorada sistematicamente dende entón polo goberno da Xunta, malia ser desenvolta en moitos outros territorios do Estado e que posibilitaría un avance ao respecto das ratios que nunca se deu, ademais de facilitar a coordinación do profesorado e unha mellor atención ás familias. **De feito, Galicia é, con Madrid, o único territorio que non volveu ás 18 e 21 horas.**

Doutra banda, ofrécese un incremento mensual do compoñente do complemento específico por formación permanente dos/das funcionarios e persoal laboral docentes dun 15%, a razón dun 5% máis os vindeiros tres anos, asociando a percepción deste complemento ao nivel B1 de competencia dixital docente. Ademais, propónse un incremento lineal de 45 euros (15 euros máis cada

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

ano os vindeiros tres) para as persoas responsábeis dos centros de menos de 3 unidades, a función de inspección, sendo extensíbel a cargos como a Xefatura de Residencias, direccións de CFRs e CAFI, ou asesoras técnicas docentes, entre outras.

O STEG quiere lembrar que o profesorado galego atravesou -dende a 1ª redución do seu salario en 2010- unha considerábel perda do seu poder adquisitivo debida ás sucesivas conxelacións das nóminas en 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015, unida ás subas do IPC (1,6%; 1,1%; 1,2%; 0,8%; -0,5%; 6,5% en 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021). Tamén cómpre lembrar que o profesorado galego viu diminuídas as súas pagas extras dende 2010 no tocante a soldo e trienios, habendo reducións destas en 2013, 2014, 2015 e 2016. Ademais de insuficiente, é discutíbel que o aumento da contía dese complemento só teña en conta a competencia dixital docente e non considere ningún outro tipo de formación. E estamos a falar dun incremento, en termos prácticos, de 36,18 euros, contía escasa que non xustifica a súa presenza nunha proposta minimamente seria.

Doutra banda, o acordo para que o profesorado interino e substituto que traballe cinco meses e medio no ano poida cobrar íntegro o verán, viuse sistematicamente frustrado polas sucesivas addendas que a Xunta vén publicando canda os seus orzamentos, profundando na inestabilidade e precariedade desta importante parte do profesorado.

Resulta curioso tamén que se aluda nun proxecto de acordo aos centros de menos de tres unidades e a unha medida que o STEG leva defendendo dende hai moitos anos sen ningún éxito. Pola contra, a Consellería foi unha auténtica máquina de pechar centros públicos (máis de douscentos centros dende a chegada de Feijóo á Xunta, a meirande parte deles no rural).

Finalmente, o borrador propón un plan de simplificación das tarefas burocráticas nos centros educativos que permita unha maior dedicación do persoal docente ás actividades especificamente educativas así como a posibilidade de reunións telemáticas dos diferentes órganos de coordinación docente sempre que así o decidan os claustros.

Para o STEG o documento chega moi tarde, ten unha intencionalidade claramente electoralista e resulta ambiguo e escaso a este respecto, pois non se concreta de ningún xeito como se poderían simplificar as tarefas burocráticas nos centros, que por certo a Consellería fía -noutro exercicio de pura propaganda- á IA como se coñeceu hai uns días pero que requiriría, para ser efectivo, máis persoal administrativo,

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

máis recursos e un enfoque diametralmente distinto do ensino público, aquel que permitise ao profesorado que as funcións propiamente docentes e pedagóxicas fosen o centro do seu traballo e non outras que en nada lle axudan ao alumnado que máis dificultades ten e máis o precisaría. Resulta especialmente grave que unha proposta de acordos de mellora non toque aspectos esenciais e moi devalua- dos do ensino público galego, como o son o transporte ou os comedores escola- res.

Neste contexto, logo de anos de continuos recortes e privatizacións, o STEG aposta por un rexeitamento claro desta proposta e o empre- demento de accións conxuntas co resto de organizacións sindicais que poñan no centro do debate a adopción de medidas autenticamente transfor- madoras do ensino público galego que veñan corrixir dunha vez a deriva desta Consellería. Tivo moito tempo para facer cousas que non fixo e agora parece acordar casualmente de todo ás portas das eleccións.

**Afíliate
e que non pisen os teus dereitos!**



EN
SI
NO

Público
Feminista
Galego
Laico
de Calidade